



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Convocatoria para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición no proceso selectivo para a provisión dun funcionario/a de carreira nunha praza de técnico/a de Normalización Lingüística. 21/04/2022

ANUNCIO

Convocatoria para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición no proceso selectivo para a provisión dun funcionario/a de carreira nunha praza de Técnico/a de Normalización Lingüística, escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores, data do 1º exercicio: **21 de abril de 2022 (2021/E001/000009)**.

A Alcaldía deste Concello, á vista da acta da sesión do 30/03/2022 do tribunal nomeado para cualificar o proceso selectivo para a provisión dun/ha funcionario/a de carreira nunha praza de técnico/a de normalización Lingüística (escala de administración especial, técnico superior) dictou a resolución núm. 977/2022, do 01/04/2022, que ten o seguinte contido.

Primeiro. De conformidade co disposto na base 7. 3 da convocatoria e o acordo do tribunal do 30/03/2022, convocar aos aspirantes do proceso selectivo para a provisión dun/ha funcionario/a de carreira nunha praza de Técnico/a de Normalización Lingüística (escala administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores, grupo A1) para realizar o **primeiro exercicio** da fase de oposición o xoves **21 de abril de 2022**, as **12:00 horas**, no Salón de Plenos do Concello de Carballo (segundo andar da Casa Consistorial).

O tribunal reunirase previamente ese mesmo día, 21/04/2022, as 8:30 horas, para a elaboración do exercicio.

Segundo. Expoñer esta resolución no taboleiro de anuncios do concello de Carballo e publicala no Boletín oficial da provincia da Coruña, e con carácter complementario na páxina web municipal www.carballo.gal".

Carballo 1 de abril de 2022

O Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

2022/1764